

## LICENZAS E COTAS

Tempada 2009 - 2010 – Circular 09-08

A seguir indícanse os importes das cotas para clubs e licenzas federativas para a presente tempada:

### Cotas club:

Primeira actividade

180 euros

Seguintes actividades (por cada unha delas)

75 euros

Para os clubs de nova creación na súa primeira actividade aplicaráselle unha bonificación do 50% sobre a cota correspondente.

O pagamento da cota será imprescindible para a participación en calquera competición organizada pola FEGAN

### Licenzas (Incluído SEGURO DE ACCIDENTES DEPORTIVO):

| Tipo de Licenza                                                                                                           | Euros |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------|
| Licenza de Deportista                                                                                                     | 35    |
| Licenza de Deportista tramitada a partir do 1 de marzo                                                                    | 20    |
| Licenza de Deportista Promoción                                                                                           | 19    |
| Ampliación de licenza deportista de promoción para unha segunda modalidade deportiva (nacidos/as no ano 93 e posteriores) | 12    |
| Licenza de Deportista Máster                                                                                              | 35    |
| Licenza Máster por un día para unha única competición                                                                     | 5     |
| Licenza de Árbitro                                                                                                        | 12    |
| Licenza de Técnico                                                                                                        | 35    |
| Licenza de Directivo                                                                                                      | 19    |
| Licenza de Escola                                                                                                         | 19    |
| Ampliación licenza de Escola a Deportista                                                                                 | 22    |

O pagamento tanto das licenzas así como das cotas de club deberá realizarse no momento da súa presentación á Federación, xa sexa mediante talón nominativo a nome da Federación Galega de Natación ou a través de transferencia bancaria á conta de Caixa Galicia código: 2091-0000-34-3040146767 especificando claramente o concepto da transferencia.

## Licenzas de deportista, técnicos e directivos

As licenzas de deportista en calquera das súas modalidades permiten a participación en todas as competicións organizadas pola FEGAN. Estas licenzas, así como as de Técnicos e Directivos unicamente poderán ser tramitadas polos clubs afiliados á FEGAN.

**As licenzas de deportista tramitadas a partir do 1 de marzo terán un prezo de 20 euros.**

Poderase tramitar a licenza de Deportista Promoción nos seguintes casos:

En Natación para os nados no ano 2002 e posteriores

En Wáter-polo para os xogadores nados no ano 1996 e posteriores

En Natación Sincronizada para as nadas no ano 1999 e posteriores

Por cada licenza de Deportista tramitada o club recibirá da FEGAN a cantidade de 2 euros. Se o número total de licenzas supera as tramitadas na tempada anterior recibirá unha cantidade adicional de 0.5 euros por licenza ou de 1 euro se o incremento supera o 25%. Estes incrementos enténdense por especialidade.

Por cada licenza de Deportista Promoción tramitada o club recibirá a cantidade de 4 euros.

Todas as licenzas de deportistas (incluídas as de promoción), técnicos e directivos deberán ser tramitadas a través do programa de licenzas e confirmadas pola Federación. A remisión das licenzas deberá realizarse o antes posible (preferentemente durante o mes de setembro), e ao menos 8 días antes da participación en calquera competición. Os resultados que cheguen á Federación con licenzas que non sexan reais non serán admitidos. Ademais é imprescindible enviar debidamente cuberto e asinado o impreso de solicitude de licenza 2009-2010 (VER ANEXO).

Para participar nas competicións organizadas pola FEGAN requirirase que todos os deportistas e técnicos estean en posesión de licenza. Ademais durante a competición, os deportistas deberán estar acompañados por unha persoa do club responsable do equipo e que posúa a correspondente licenza federativa, xa sexa de técnico ou de directivo. A devandita persoa será a única representante do club durante a competición para todos os efectos.

## Licenzas de escola

As licenzas de escola non serán válidas para participar nas competicións oficiais da FEGAN a excepción do campionato escolar e aquelas nas que se especifique explicitamente.

Estas licenzas non teñen que ser tramitadas necesariamente por clubs afiliados á FEGAN.

O trámite realizarase a través do modelo en folla de cálculo (Excel) publicado para os efectos. Dito modelo localizarase na alínea de impresos da web da FEGAN co nome de "Inscripción Licenzas Escolas 2009-2010"

Por cada licenza de escola tramitada o club recibirá da FEGAN a cantidade de 4 euros.

A Coruña, 9 de setembro de 2009

Secretaría Xeral da FEGAN

## ANEXO:



## Impreso Solicitud de Licenza de Deportista

Os datos aquí facilitados serán incorporados a un ficheiro inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, cuxa titularidade corresponde a a Federación Galega de Natación. A finalidade deste ficheiro será a de tramitar a súa alta como federado e a xestión da súa licenza federativa para a súa participación nos cursos e campionatos aos que concorra, así como para o envío das notificacións e publicacións da Federación.

Os seus datos serán tratados pola empresa de asistencia sanitaria, para a xestión do seguro médico obrigatorio dos seus federados e o tratamento das posibles lesións ou accidentes acaecidos durante o desempeño da actividade. Así mesmo, cando o deportista participe en competicións de ámbito nacional, os seus datos serán cedidos á Real Federación Española de Natación, así como aos distintos comités para o estudo, tramitación ou resolución dos distintos expedientes iniciados no seo da federación derivados da práctica da natación.

O deportista acepta e consente que durante a realización dos eventos, cursos, campionatos, concursos e demais actividades organizadas por esta, poidan realizarse sesións fotográficas para a súa posterior inclusión nas memorias anuais, na páxina Web da Federación ([www.fegan.org](http://www.fegan.org)) e demais documentación que teña como fin principal o fomento e difusión da natación.

Os deportistas federados, se o desexan, poden acceder, rectificar, cancelar e oporse ao tratamento dos seus datos, dirixíndose á Federación Galega de Natación na seguinte dirección: Avda. Glasgow nº13. 15008 A Coruña, acompañada de copia do DNI ou pasaporte.

D/Dna .....

Con DNI nº ....., solicita a tramitación da súa licenza territorial no Club....., pertencente á Federación Galega de Natación, para a tempada 2009/2010.

En....., a .... de..... de 2009.

Asdo: O deportista

Asinado

Pai/nai ou titor/a (en caso menores de idade)

Nº DNI:

NOTA: Os nadadores/as que realizan por primeira vez a licenza deben acompañar xustificación da data de nacemento. Fotocopia do DNI, ou na súa falta do libro de familia.

## Impreso Solicitud de Licenza de Técnico

Os datos aquí facilitados serán incorporados a un ficheiro inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, cuxa titularidade corresponde á Federación Galega de Natación. A finalidade deste ficheiro será a de levar a cabo a xestión do rexistro de adestradores adscritos a esta para o desenvolvemento das funcións estatutariamente recoñecidas.

Os datos de carácter persoal que consten neste formulario unicamente serán cedidos cando unha disposición legal autoriceo. Así mesmo tamén poderán ser cedidos á Real Federación Española de Natación para a xestión oportuna da competición de ámbito nacional na que participe o adestrador.

Da mesma xeito, o adestrador acepta e consente que durante a realización dos eventos, cursos, campionatos, concursos e demais actividades organizadas pola Federación, poidan realizarse fotografías para a súa posterior inclusión nas memorias anuais, na páxina Web ([www.fegan.org](http://www.fegan.org)) e demais documentación da Federación que teña como fin principal o fomento e difusión da natación.

Recoñécense os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose á Federación Galega de Natación na seguinte dirección: Avda. Glasgow nº13. 15008 A Coruña, acompañada de copia do DNI ou pasaporte.

D/Dna .....

Con DNI nº ....., solicita a tramitación da súa licenza territorial no Club ....., pertencente á Federación Galega de Natación, para a tempada 2009/2010.

Titulación ENE....., data.....

En....., a .... de..... de 2009.

Asdo: